



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do TRLHL 2/2004, acorda a imposición e ordenación da Taxa por servizos de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos de distribución e abastecemento de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

1. Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.
2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsables.

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 28.1 e 29 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Base Imponible e Base Liquidable.

A base imponible do tributo coincide coa base liquidable. É de carácter variable e determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo contribuínte, que se tomarán das lecturas dos contadores, que se realizarán periódicamente.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Artigo 6.- Cota tributaria.

A cota tributaria desta taxa será a cantidade resultante de aplicar á base liquidable do artigo 5 a tarifa establecida no anexo desta ordenanza.

Artigo 7.- Beneficios fiscais.

Establécense as seguintes bonificacións fiscais, que teñen en ámbolos dous casos, carácter rogado:

A) Por baixo nivel de rendas:

1. Os suxeitos pasivos obrigados ó pagamento desta taxa poderán solicitar do Concello unha bonificación dun 50% na cota da mesma sempre que os ingresos da unidade familiar non superen, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional, e posúan un patrimonio inmobiliario con valor catastral igual ou menor a trinta e seis mil sesenta euros con setenta e tres céntimos. Sendo o único ben patrimonial a vivenda propia, o seu valor catastral poderá superar esa cantidade.
2. As solicitudes de bonificación deberán aportar en todo caso:
 - Libro de familia.
 - Informe da Policía Municipal sobre as persoas que integran a unidade familiar.
 - Certificación de ingresos do solicitante e das persoas que convivan con el:
 - Da empresa na que traballa.
 - Do INEM.
 - Da entidade pagadora de pensión ou haberes pasivos.

No caso de non ter ningún dos ingresos mencionados é preciso unha certificación negativa dos Organismos competentes da Seguridade Social, na que se indique que as persoas interesadas non están incluídas nela, nin como traballadoras activas, nin como pensionistas ou beneficiarias do seguro de desemprego.

- Certificación da tributación por Imposto sobre Bens Inmóbeis e Imposto sobre actividades económicas a nome dos interesados, especificando a clase de finca e a base imponible.
 - Título de propiedade, contrato de aluguer (ou no seu defecto, os recibos), da vivenda que ocupan.
 - Copia da última declaración do I.R.P.F.
3. As solicitudes serán tramitadas polo Servizo de Asistencia Social que, deberá emitir informe tralo exame dos documentos referidos e outros informes que se estimen oportunos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Se o informe do Servizo de Asistencia Social é desfavorable, procederase á notificación do interesado, concedéndoselle un prazo de dez días para que alegue o que ó seu dereito conveña. Transcurrido tal prazo sen alegacións por parte do interesado, procederase ó arquivo do expediente, sen máis trámite.

No caso de que o informe sexa favorable, o expediente será tramitado individualmente e sometido a aprobación da Xunta de Goberno Local.

Os suxeitos pasivos que gocen de esta bonificación, deberán presentar declaración de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, sen prexuízo das revisións periódicas que ó efecto se leven a cabo polo Concello.

B) Por condición de familia numerosa:

1. Os suxeitos pasivos que gocen da condición de familia numerosa de calquera categoría, terán dereito a unha bonificación que consistirá en aplicarles ós m³ de exceso (se os houbese) a tarifa reducida aplicable ós m³ considerados de consumo mínimo.

2. As solicitudes de bonificación deberán aportar en todo caso:

- Libro de familia.
- Presentación do título oficial certificativo da condición de familia numerosa.
- Fotocopia do DNI.

3. As solicitudes serán tramitadas polo Servizo de Asistencia Social que, deberá emitir informe tralo exame dos documentos referidos e outros informes que se estimen oportunos.

Se o informe do Servizo de Asistencia Social é desfavorable, procederase a archivar o expediente, sen máis trámite.

No caso de que o informe sexa favorable, o expediente será tramitado individualmente e sometido a aprobación da Xunta de Goberno Local.

A bonificación afectará á vivenda habitual do suxeito pasivo e extenderá os seus efectos por períodos dun ano, transcorrido o cal, o interesado renovará a súa solicitude, debendo acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos de conformidade co disposto no apartado 2 deste artigo.

Os suxeitos pasivos que gocen de esta bonificación, terán a obriga de presentar declaración da variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, sen prexuízo das revisións que ó efecto se leven a cabo polo Concello.

Tanto as solicitudes da bonificación, como as comunicacións de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, surtirán efectos:

- a) No trimestre seguinte: en caso de entrada no rexistro na primeira metade do trimestre natural.
- b) No segundo trimestre posterior: en caso de entrada no rexistro na segunda metade do trimestre natural.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Artigo 8.- Devengo.

Devéngase a taxa e, en consecuencia, nace a obriga de contribuír, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este.

Artigo 9.- Período Impositivo.

O período impositivo coincidirá co trimestre natural.

Artigo 10.- Liquidación.

a) Cando se trate de servizos non periódicos:

- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior.

b) Cando se trate de servizos periódicos:

- Practicaranse liquidacións trimestrais, coincidentes cos trimestres naturais.

Artigo 11.- Ingreso.

O pagamento desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións de carácter non periódico, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.
- Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

Artigo 12.- Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 13.- Normas de xestión.

1. As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta Ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa o Concello.

2. Unha vez autorizada a prestación do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, ratearse por trimestres naturais. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

3. Os padróns fiscais desta taxa serán obxecto de aprobación por resolución de alcaldía, e enviados ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ANEXO:

PREZOS DA AUGA

a) Usos domésticos:

- Prezo do m ³ : - Subministro	0,36 €
- Depuración.....	0,36 €
Total.....	0,72 €

- Consumo mínimo a liquidar trimestralmente:

-Consumo de 0 a 15 m ³	15 m ³
-Consumo de 16 a 30 m ³	30 m ³

- Por cada m³ consumido en exceso sobre o mínimo (subministro e depuración):

- Consumo de 31 a 40 m³:

-De 0 a 30 m ³	0,72 €
-De 31 a 40 m ³	0,93 €

- Consumo de 41 a 50 m³:

-De 0 a 30 m ³	0,72 €
-De 31 a 50 m ³	1,09 €

- Consumo de 51 m³ en adiante:

-De 0 a 30 m ³	0,72 €
-De 31 m ³ en adiante.....	1,34 €

b) Usos industriais, comerciais, incluso obras:

-Prezo do m ³ : - Subministro	0,54 €
- Depuración.....	0,36 €
Total.....	0,90 €

- Consumo mínimo a liquidar trimestralmente:

-Consumo real de 0 a 20 m ³	20 m ³
-Consumo real de 21 a 40 m ³	40 m ³

-Por cada m³ consumido en exceso sobre o mínimo de 40 m³ (subministro e depuración):1,16 €

a) Dereitos de acometida:

- Por contador	89,63 €
----------------------	---------

b) Por gastos de inspección e revisión de contadores:

- Taxa fixa trimestral	0,89 €
------------------------------	--------



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 do TRLHL 2/2004, os procedementos de liquidación e recadación regulados nesta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As solicitudes de bonificación por condición de familia numerosa poderán presentarse a partir do día en que esta ordenanza entre en vigor.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de setembro de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.